

A continuación infórmase dos acordos da reunión en sesión ordinaria do Consello de Goberno, que tivo lugar o día 21 de decembro de 2021 na Sala 18 do Campus Remoto da Universidade de Vigo, que poden ser do seu interese:

- * Aprobación da acta correspondente á sesión ordinaria do 30 de novembro de 2021.
- * Aprobación da declaración institucional da Universidade de Vigo sobre a loita contra a fraude.
- * Aprobación do proxecto de orzamentos da Universidade de Vigo para 2022.
- * Aprobación do establecemento do teito de gasto para o exercicio orzamentario 2022.
- * Aprobación da selección de áreas de coñecemento para participar na convocatoria de prazas de Profesorado Titular de Universidade e de Profesorado Contratado Doutor correspondentes a persoal investigador “Ramón y Cajal” con certificación I3, e da creación de prazas correspondentes.
- * Aprobación da selección de prazas da OPE 2020 creadas na sesión do Consello de Goberno, do 30 de novembro de 2021, a convocar polo cupo de discapacidade.
- * Aprobación do calendario e o procedemento para a aprobación de verificación e modificación de titulacións de grao, máster e doutoramento para o curso 2023/2024.
- * Aprobación da cesión temporal de equipos técnicos a favor da Universidade de Vigo (Grupo COM da Escola de Telecomunicacións).
- * Aprobación do Regulamento do Comité de Ética de Investigación con Seres Humanos e Medio Ambiente (CEISHMA) da Universidade de Vigo.
- * Nomeamento dos membros do CEISHMA:
 - Presidenta: M^a Delfina Couce Fortúnez
 - Francisca Fariña Rivera
 - Gustavo Rodríguez Fuentes
 - Susana Álvarez González
 - Vicente Romo Pérez
 - Carlos Ayán Pérez
 - Antonio Villanueva Martínez
 - Oscar Veloso Fernández
 - Ana Garriga Domínguez (con voz, sen voto)
- * Aprobación da modificación do Regulamento do Comité de Ética de Experimentación Animal (CEEA/OH).
- * Aprobación da proposta dos premios extraordinarios de grao.
- * Nomeamento dun membro polo sector estudantes da Comisión de Publicacións:
 - Mar Nieves Fernández



- * Foi elixido un membro, polo sector de estudantes, da comisión delegada do Consello de Goberno:
 - Organización Académica e Profesorado: Alexo Breogán Riobóo Lois

O secretario xeral

Contra a presente resolución, que esgota a vía administrativa, poderase interpoñer un recurso perante a xurisdición contencioso-administrativa, no prazo de dous meses a contar dende o día seguinte á publicación da presente resolución, de conformidade co disposto na Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

As persoas interesadas poderán optar por interpoñer contra esta resolución un recurso de reposición, no prazo dun mes, contado a partir do día seguinte á publicación da presente resolución, perante o mesmo órgano que a ditou. Neste caso non se poderá interpoñer un recurso contencioso-administrativo ata que sexa resolto expresamente ou se producise a desestimación presunta do recurso de reposición interposto, segundo o previsto no artigo 123.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.